

O impulso das vagas auras,
pol-a agreste soedade,
pensativa carniñaba... (E. PONDAL)

Moncho erguéu os ollos do traballo. Tiróu coa mazaroca que tiña na man, e sacando o macillo, acendéu un pitillo con aquil chisqueiro que mercara cundo encomenzara a fumar.

Certo que á súa madrastra non lle gustaba nin ren que fumara, porque eran cartos que se restaban ao xornal cotidián que ganaba. Pero, un home, tiña que facer algo...

De pequeno, sempre desexara chegar pronto a home. Cando eu sexa grande! —decía aos seus compañeiros de xogo—. E máis adiante, presomindo de decir palabrotas, manifestaba:

—Agora xa vou sendo home, que xa sei decir pecados, e xurar...

Efeutivamente, xuraba. Máis da conta, cecáis...

E agora que era home, relembraaba os seus anos de neno coa súa nai á beira, tan garimosa e boa con él.

Criárao con todo o agarimo de que se podía ser capaz nunha casa de probes. Aos dez anos perdéera, e aínda non se acostumara a súa falla, cando o seu pai lle presentara á "tía".

Diante díl xurdiron, evocantes, os ollos fríos e o carácter as-pro daquela muller. ¿Qué habería atapado nela seu pai? Era unha cara francamente desagradábel...

Por respecto a íl percuraba tratála de cote ben, a pesar da fonda hostilidade que con él amostraba. Mais Moncho era amábel con ela e compracente, e gracias a eso, podían seguir vivindo en paz na casa de seu pai, aquela casa de paredes vellas i escuras, e de bans tan pequenos...

Moncho sacodíu os dedos que o cigarro queimaba. Levóuno de novo á boca, e díulle unha longa chupetada, mirando ao seu redor.

Estaba un día manífico. Os seus ollos podían abarcar dende a outura toda a paisaxe que o ceo crareaba de sol.

En semicírculo, os piñeirales de escuro verde. No centro, a amas bandas da estrada, leiras e agros; entre iles os lugares, destacándose coas súas casiñas, cabaceiros e torres de eirexas.

Enfrente díl, máis embaixo, hasta a confinidade, estaba o mar. A súa humedade resiaba os campos e as cousas dando lugar a fertilidade tan coñecida da terra de Bergantiños.

Na leira onde se atopaba, criados e xornaleiros sacaban as mazarocas das canivelas do millo xa maturecido. Era a recollida da colleita do seu padriño. Gran parte de

aquelas leiras, agros e piñeirales que o arrodeaban, eran da súa propiedade.

Moncho non tiña ganas de parolar con ninguén aquela mañán. Había moitos días en que ún se sentía de mal humor sin saber a causa...

O ventión do mar refrescáballe a cara moza. Aquil mar que, lonxe fronte ao lugar, estendíase azul coma o mesmo ceo. Dende alí ollábao manselo, baténdose apenas aquil día contra os pene-dales da praia.

Pero, él ben sabía que, ás vegadas, podía encrisparse e bruar; e entón, na noite, no medio do silencio, botaba ruxidos aterrecedores.